

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ÍNDICE

1. Introducción
2. Marco lexislativo básico
3. Identificación e valoración das necesidades
4. Obxectivos
5. Actuacións, medidas e/ou programas para a atender á diversidade
 - 5.1 Medidas ordinarias
 - A/ Estrutura organizativa do centro*
 - B/ Metodoloxías*
 - C/ Avaliación*
 - D/ Aulas de atención educativa e convivencia*
 - E/ Desdoblamento de grupos*
 - F/ Reforzo Educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria*
 - G/ Programas de enriquecemento curricular*
 - H/ Programas de habilidades sociais*
 - 5.2 Medidas extraordinarias
 - A/ Adaptación Curricular*
 - B/ Agrupamentos flexibles*
 - D/ Flexibilización*
 - C/ Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL*
 - E/ Plan específico para o alumando*
6. Criterios de utilización dos servizos de apoio
7. Actuacións a nivel de dotación
 - 7.1 No ámbito escolar
 - 7.2 No ámbito infraestrutural
8. Avaliación e mellora do plan

1. Introducción

Atender á diversidade implica a adecuación da escola ás necesidades de todos os alumnos e alumnas, o que esixe facer os axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo.

Neste senso, as decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á individualización e axuste da propia ensinanza na aula e do servizo educativo considerado globalmente.

En consecuencia, a atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade do alumnado, non só para aquel con necesidades educativas especiais.

Asúmese por tanto, que o tratamento da diversidade require da determinación de estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios que, dada a complexidade e pluralidade de aspectos que deben considerarse, entendemos, deben articularse mediante o Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Segundo o artigo 10 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE (DOG nº 242, 21/12/2011) “o Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado”.

Froito desas consideracións, este Plan Xeral de Atención á Diversidade, de aquí en diante PXAD, estrutúrase en catro grandes bloques:

- Identificación das necesidades do centro e obxectivos, que definen aquilo que pretendemos coa elaboración deste plan.

- As actuacións, medidas e/ou programas, onde se contemplan unha serie de instrumentos que deben achegarnos aos obxectivos perseguidos.
- Criterios de utilización dos servizos de apoio e disposición de recursos.
- Avaliación, que nos permitirá coñecer en qué medida se acadaron os obxectivos e as modificacións que será preciso introducir.

2. Marco lexislativo básico

Os conceptos fundamentais que subxacen en calquera acción orientada á atención á diversidade, deben partir do explicitado nas normas fundamentais do noso Sistema Educativo: a L.O.E., *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio*, de educación (BOE nº 106, 04/05/2006) para a Etapa de Educación Infantil, e a L.O.M.C.E., *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro*, para a mellora da calidade educativa, que asumen ambas un compromiso neste ámbito (BOE nº 295, 10/12/2013) para a Etapa de Educación Primaria.

Así, no artigo 1º.e., a L.O.E. sinala como un dos principios da educación “A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como ós cambios que experimentan o alumnado e a sociedade”.

No artigo 4º.3, cando se refire á ensinanza básica fai fincapé na atención á diversidade sinalando que “sen prexuízo de que ó longo da ensinanza básica se garanta unha educación común para o alumnado, adoptarase a atención á diversidade como principio fundamental. Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente Lei.”

Referíndose á Educación Primaria, ponse de manifesto que “nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en

práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades” (art. 19º.1).

Máis concretamente, en relación ó alumnado que requira unha atención educativa diferente da ordinaria, a L.O.E., no Título II volve a facer fincapé na detección das dificultades e necesidades tan pronto como se produzan e no establecemento da atención temperá e as medidas de apoio e reforzo adecuadas, baseadas nos principios de normalización e inclusión, referindo no artigo 72º.3.3 que “os centros contarán coa debida organización escolar e realizarán as adaptacións y diversificacións curriculares precisas para facilitar a todo o alumnado a consecución dos fins establecidos”.

Finalmente prescribe que a forma de atención á diversidade recolleranse no P.E.C. (Capítulo II. Art. 121º.2).

Respecto da LOMCE, aparece por no seu preámbulo I o recoñecemento da diversidade entre o alumnado como un requirimento para o establecemento dun sistema capaz de guiar ós/ás estudantes cara unha traxectoria máis adecuada ás súas capacidades. Por vez primeira no seu preámbulo VII, a autonomía dos centros resulta ser unha nova posibilidade para a atención á diversidade promovéndose a cooperación entre os centros e a creación de redes de apoio e aprendizaxe.

De forma máis concreta, na nosa comunidade, o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro* (DOG nº 242, 21/12/11), constitúe o referente fundamental que guiará as actuacións que se levarán a cabo neste ámbito, se ben hai que ter en conta que se está aínda a completar o desenvolvemento normativo, polo que nos rexeremos en todo o relacionado coa atención á diversidade naqueles aspectos vixentes e non derogados.

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19 NO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS PARA O ÁMBITO EDUCATIVO. Versión: 16/09/2020

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021. Versión 04-11-2020

3. Identificación e valoración das necesidades

Para a avaliación das necesidades que presenta a diversidade do alumnado, contase coa avaliación do propio profesorado así como tamén e se é o caso, coa avaliación psicopedagóxica. Outro punto de referencia son as memorias e documentos do propio centro.

Así mesmo é imprescindible a detección temperá das necesidades específicas de apoio educativo, para o cal se utilizarán protocolos e guías de observación.

No noso centro detéctase alumnado que presenta:

- Necesidades específicas de apoio educativo, nalgún caso necesidades educativas especiais.
- Dificultades da linguaxe e articulación en Educación Infantil e algunhas en Educación Primaria.
- Algunhas dificultades nas técnicas instrumentais básicas (cálculo, resolución de problemas, comprensión lectora, expresión escrita e oral,...).
- Falta de interese e uso de técnicas de estudo efectivas.

4. Obxectivos

- Adecuar o desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado.
- Establecer criterios pedagóxicos que orienten na adopción de decisións respecto da atención á diversidade.
- Optimizar o uso dos recursos do centro.
- Diseñar respostas educativas e planificar actuacións para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo e necesidades educativas especiais: exploracións psicopedagóxicas, apoios, reforzos educativos, etc.
- Potenciar a acción titorial.

5. Actuacións, medidas e/ou programas para a atender á diversidade

Segundo o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro* (artigo 7) “enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado”.

5.1 Medidas ordinarias:

“Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas”.(Artigo 8, *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*).

Son por tanto, medidas de corte preventivo, que de ser contempladas na planificación escolar, poden evitar a aparición de problemáticas que requiran dunha atención específica.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade que poden desenvolverse no noso centro figuran:

A/ Estructura organizativa do centro

Os horarios, agrupamentos, espazos,... así como tamén a organización e xestión da aula tentará adaptarse o máximo posible ás características do alumnado. Concretamente e dependendo das características do alumnado, poderase valorar a posibilidade de modificar os elementos arquitectónicos en caso de que sexa necesario. Sinalaranse convenientemente as dependencias escolares e os diferentes espazos en diferentes idiomas con fins a atender á diversidade.

Así mesmo se realizará coas programacións didácticas, que tratarán de adecuarse ao contorno e ao alumnado.

B/ Metodoloxías

A aprendizaxe e adquisición das técnicas instrumentais básicas (lectura, escritura, cálculo) debe ser coñecida, consensuada e posta en práctica entre o colectivo de profesorado para traballar de forma conxunta e na medida en que a diversidade o permita. Ademais, este contará co apoio dende o Departamento de Orientación na localización de material específico que potencie a adquisición das mesmas.

Débese tamén potenciar a estimulación psicomotriz e o razoamento lóxico-matemático, especialmente na primeira etapa de Educación Infantil. Así mesmo, é preciso enriquecer a capacidade creativa.

É conveniente que a cada alumno/a se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxecto de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións é preciso que o profesorado coñeza a través das entrevistas e as súas producións, a situación persoal de cada alumno/a: os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe de cada quen, que reflexione sobre a metodoloxía máis adecuada para cada neno/a que facilite o seu achegamento ao currículo, que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula, etc., sendo fundamental que o titor/a estableza unha rede coordinadora entre o distinto profesorado (equipo docente).

Respecto á tipoloxía de actividades, aconséllase de forma xeral ofrecer actividades que partan de situacións vivenciadas polos nenos/as e de centros de interese. Ademais é recomendable utilizar conceptos traballados e establecer conexións con outros novos ou de características similares, tratando así de xeneralizalos a todas as situacións posibles.

Na medida en que os conceptos o permitan, sería conveniente utilizar actividades que fomenten o uso do máximo de capacidades perceptivas (visión, oído, tacto, memoria,...) e posibiliten que esta transferencia informativa se produza nun clima reflexivo baixo a vivencia de emocións positivas.

Para que a aprendizaxe sexa próxima á realidade, e na medida en que os contidos a tratar o permitan, sería idóneo utilizar recursos do contorno próximo e así potenciar a capacidade comprensiva nunha realidade próxima. Para o uso das diferentes capacidades perceptivas, debería contarse con recursos diversificados por parte do profesorado, tales como material manipulativo, visual, auditivo,...

C/ Avaliación

Ó inicio do curso aconséllase que o profesorado titor/a leve a cabo entrevistas iniciais cos familiares, que lle darán un acercamento ás características propias do seu alumando e lle facilitará o contacto coas familias.

Ao longo do curso, será recomendable que se adapten os tempos e instrumentos ás características da diversidade, sendo preciso seleccionar variedade de instrumentos capaces de dar conta da realidade do Proxecto Educativo e definindo estratexias de recollida e valoración.

D/ Aulas de atención educativa e convivencia

Antes de por en marcha esta medida, poderán levarse a cabo actuacións destinadas á mellora da convivencia por parte do colectivo do profesorado.

Se fose preciso, “crearanse aulas de convivencia inclusiva, non estable e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar ó alumando á súa propia aula no menor tempo posible” (art 19.3 da *Lei 4/2011, do 30 de xuño*, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG nº 136, 15/07/2011)).

E/ Desdoblamento de grupos

Sempre que a dispoñibilidade horaria do profesorado e maila organización do centro o permitan, os grupos poderanse desdobrarse ó longo do curso, para a realización de determinadas actividades, co obxecto de facilitar aos alumnos/as unha atención máis individualizada.

A programación será a mesma para os dous grupos e a coordinación entre o profesorado debe ser máxima.

F/ Reforzo Educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

Son medidas que o propio profesorado diseña e aplica con aqueles alumnos/as que teñen dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación,...).

Esta medida contempla o apoio de profesorado do centro nas áreas instrumentais, hábitos de traballo, técnicas de estudo e nos coñecementos da área.

Lévase a cabo co profesor/a de área, titor/a e/ou con profesorado con dispoñibilidade horaria que actúa como profesor/a de apoio. O xefe de estudos informará á orientadora deste extremo aos efectos de elaborar a proposta de apoios.

Para que se produza este tipo de atención, que seguirá os criterios de utilización establecidos neste plan, será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada pola orientadora.

G/ Programas de enriquecemento curricular

Son programas destinados a alumnos/as con altas capacidades que non flexibilizaron a escolaridade. Teñen por obxecto ofrecer a resposta educativa adecuada ás potencialidades e intereses destes alumnos/as.

O equipo docente programará e desenvolverá estas actuacións co asesoramento da orientadora. Poden incluír, segundo o caso, os ámbitos das habilidades sociais, humanístico-literario, científico-tecnolóxico, artístico e deportivo.

H/ Programas de habilidades sociais

No caso de que as medidas correctoras previstas non xurdan efecto entre o alumando, poderá pórse en marcha un programa de habilidades sociais, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Este programa desenvolverase en colaboración co profesorado titor/a dende o Departamento de Orientación, e de ser o caso, os servizos sociais, procurando implicar ó resto do profesorado e ás familiar.

5.2 Medidas extraordinarias:

“Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.” (art. 9, Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

Son por tanto, medidas de corte interventivo, con aquel alumando que presenta necesidades específicas de apoio educativo. Algunhas das mesmas precisan do informe do Departamento de Orientación.

Son medidas extraordinarias de atención á diversidade:

A/ Adaptación Curricular

Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Esta adaptación curricular poderá ser non significativa (Reforzo Educativo) ou significativa (AC).

Segundo a Orde citada con anterioridade, as Adaptacións Curriculares, son modificación dun ou de máis elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación).

Decidirase a conveniencia de elaborar unha AC para un alumno/a determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa e sempre e cando se contemple que esta é necesaria.

Terá como referente os obxectivos xerais de etapa, precisados na concreción curricular do centro para cada ciclo.

É función da orientadora realizar as avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento que se estableza. Artigo 7 g. do *Decreto 120/1998, do 23 de abril*, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 27/04/1998) e artigo 11 h. da *Orde do 24 de xullo de 1998*, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 31/07/1998). Esta avaliación psicopedagóxica seguirá o seguinte protocolo:

1. Solicitude ó Departamento de Orientación da Avaliación Psicopedagóxica, coa emisión do informe de derivación.

2. Reunión de todos os profesionais implicados na Adaptación Curricular, coordinada pola Xefatura de estudos.

3. Elaboración da Adaptación Curricular.

4. Revisión nunha nova reunión da proposta de AC.

5. Envío por parte de dirección da proposta a Inspección.

6. Emisión dun informe por parte de Inspección.

A súa elaboración e desenvolvemento, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario. Precisarán autorización da inspección educativa correspondente e terán unha duración mínima dun ciclo educativo.

O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor/a que imparte a área, co asesoramento da orientadora e de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno/a.

É función do titor/a elaborar as adaptacións curriculares dos alumnos/as do seu grupo, Artigo 8 do *Decreto 374/1996, do 17 de outubro* (DOG nº 168, 21/10/1996).

A AC revisarase periodicamente, polo menos, ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo sobre o que se elaborara a adaptación.

Os criterios de avaliación establecidos nas AC serán o referente fundamental para a avaliación e promoción do alumno/a (Artigo 16.4 *Decreto 130/2007* (DOG nº 132, 09/07/2007) e Artigo 5 da Orde do 23 de novembro de 2007 (DOG nº 232, 30/11/2007)).

B/ Agrupamentos flexibles

Así mesmo e tal e como se recolle na *Orde do 27 de decembro de 2002* pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG nº 20, 30/01/2002), poderanse constituír, con carácter temporal, agrupamentos flexibles como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe de carácter esencial, que deberán contar coa correspondente autorización da Inspección educativa ou da delegación provincial.

Estes agrupamentos flexibles serán por tanto, de carácter temporal e poderán traballar con alumnado de distintas aulas que teñan problemáticas comúns.

Tamén se poderán desenvolver grupos flexibles no caso de alumnado estranxeiro, podendo constituírse grupos de adquisición das linguas e/ou grupos de adaptación da competencias curricular (*Orde do 20 de febreiro de 2004* pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG nº 40, 26/02/2004)).

C/ Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL:

Son medidas que contemplan o apoio temporal dun profesor/a especialista en Audición e Linguaxe e/ou en Pedagogía Terapéutica.

Para que se produza este tipo de atención, que seguirá os criterios de utilización establecidos neste plan, será necesario que así o aconselle a Avaliación psicopedagóxica realizada pola orientadora.

O procedemento para a demanda de intervención do servizo de orientación é o seguinte:

- Comunicado do profesor/a á xefatura de estudos do centro da necesidade de intervención.
- Comunicado desa demanda á xefe do Departamento de Orientación por parte da xefatura de estudos.

- Enchido por parte do profesor/a da folla de derivación (cuestionario previo) aportada pola orientadora.
- Proceso de avaliación e informe de atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

De conformidade co establecido nos artigos 15.4 e 16.6 do *Decreto 130/2007, do 28 de xuño*, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 132, 09/07/2007) e nos artigos 17 e 19 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro* (DOG nº 242, 21/12/2011).

D/ Flexibilización

Educación infantil

- A escolarización en Educación Infantil poderá, excepcionalmente, aumentarse nun ano en función das necesidades educativas especiais do alumnado.
- Poderá reducirse nesta etapa nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado.
- En ningún caso se poderá permanecer en Educación Infantil máis alá do ano natural en que se cumpran os sete de idade nin comezar a educación primaria antes do ano natural en que se cumpran os cinco anos.
- Cando en educación infantil se opte pola permanencia dun alumno/a con necesidades educativas especiais un ano máis no primeiro ciclo, a súa incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo, aínda que non se axuste ás condicións de idade requiridas con carácter xeral. Este alumnado poderá optar á reserva de prazas establecida con carácter xeral para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que se escolariza no primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil.

Educación primaria

- A escolarización en educación primaria poderá, excepcionalmente, aumentarse nun ano en función das necesidades educativas especiais do alumnado.
- Poderá reducirse nesta etapa nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado.
- En ningún caso se poderá permanecer en educación primaria máis alá do ano natural en que se cumpran os quince anos de idade nin comezar a educación secundaria antes do ano natural en que se cumpran os dez anos.

Para tomar estas medidas deberemos contar coa correspondente autorización da Consellería de Educación, e sempre e cando se esgotasen todas as medidas ordinarias e de adaptación curricular ou organizavas previstas para a atención ás necesidades específicas de apoio educativo do alumando.

Ademais e atendendo ao *Decreto 105/2014, do 4 de setembro*, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 171, 9/09/2014), no seu artigo 16.7 dise que a escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal, flexibilizárase nos termos que determine a normativa vixente podendo incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

E/ Plan específico para o alumando

De conformidade co artigo 9 do *Decreto 130/2007, do 28 de xuño*, polo que se establece o currículo da educación primaria (DOG nº 132, 09/07/2007), o artigo 12.1 da *Orde do 23 de xullo de 2014*, pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de educación

primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa (DOG nº 154, 14/08/2014) e do artigo 6.3 da *Orde do 23 de novembro de 2007* pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 30/11/07), a permanencia dun alumno/a un ano máis durante a etapa deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, organizado polo centro docente de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

O Plan incluírá unha serie de actuacións con este alumnado nas áreas non superadas, con especial incidencia nas instrumentais, co obxectivo de incrementar o éxito escolar actuando sobre as variables que incidiron negativamente no seu rendemento.

Formará parte da programación do curso e será elaborada e desenvolta polo profesor/a da área co asesoramento, se é o caso, da Orientadora.

O seu desenvolvemento pode contar co apoio especializado, sendo preceptivo neste caso que así o recomende a avaliación psicopedagóxica do alumno/a.

Sen prexuízo da permanencia durante un curso máis na etapa, prevista no artigo 20.2 da LOE, *Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio*, de Educación (BOE nº 106, 4/05/2006), a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais na etapa de educación primaria nos centros docentes ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a súa integración socioeducativa (Artigo 16.6 da LOMCE, *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro*, para a mellora da calidade educativa (BOE nº 295, 10/12/2013).

6. Criterios de utilización dos servizos de apoio

Tendo sempre como referentes os principios de integración e normalización, a orientadora elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
- Atenderase ó alumnado obxecto dunha AC.
- Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade, primando os apoios en cursos inferiores fronte os superiores, con excepcionalidade nos casos de gravidade.
- Atenderase primeiro ós alumnos que repitan curso, e aínda así, necesiten reforzo, que ós que non.
- Evitarase o exceso de horas de permanencia do alumno/a fóra do grupo ordinario.
- Evitarase a ausencia nas materias non instrumentais que favorecen a integración.
- Os apoios dirixiranse preferentemente á adquisición das aprendizaxes instrumentais.
- A atención diferenciada ós alumnos/as con n.e.e. fóra da aula será temporalizada, compatibilizándoa nas materias obxecto de apoio coa atención docente directa dentro da aula por parte dos profesores/as do grupo ordinario, non podendo prescindirse desta última en ningunha das áreas do currículo.

7. Actuacións a nivel de dotación

7.1. No ámbito escolar

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo deberá contar cunha dotación adecuada de material e de profesorado especialista (PT, AL,...). Neste senso, o centro base, conta cunha mestra especialista en audición e linguaxe compartida con outro centro, e un mestre especialista en pedagogía terapéutica a tempo completo.

7.2. No ámbito infraestructural

A escolarización de alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes presenten. De aí que a supresión de barreiras, a ubicación nunha determinada aula, a adaptación dos baños, o servizo de transporte, o comedor escolar, etc. deberán considerar as circunstancias específicas destes nenos/as.

O centro base, así como o adscrito, aínda non conta con todo o imprescindible para a eliminación das barreiras arquitectónicas.

8. Avaliación e mellora do plan

A avaliación deste plan realizarase por parte do Departamento de Orientación.

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos as seguintes procedementos e/ou instrumentos:

- a) As reunións de coordinación
- b) Cuestionarios
- c) Análise dos resultados escolares e das probas de diagnóstico
- d) Entrevistas
- e) Análise do clima de convivencia no centro
- f) Memorias finais
- g) Análise de documentos
- h) Análise de tarefas que nos darán información acerca de:
 - Desenvolvemento das accións prioritarias.
 - As accións previstas e non realizadas.
 - As modificacións e/ou actuacións introducidas.
 - Reunións celebradas.
 - A participación nas reunións do Departamento.
 - O número de demandas recibidas.
 - O número de demandas atendidas.

- Instrumentos e/ou documentos elaborados.
- O desenvolvimento do propio PAADO.

